- Proceso de ensino e a práctica docente

Para esta reflexión e avaliación empregaranse os indicadores que constan nos seguintes rexistros, tendo en conta que estamos ante unha oferta educativa a distancia:

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
PLANIFICACIÓN	Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula virtual.		
	Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	Planifica a materia de modo flexíbel, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	Coordínase co profesorado doutros departamentos .		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates e diálogos a través do foro...).		
	Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		

	Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado (tendo en conta que é a distancia).		
	Estimula a participación activa dos estudantes na aula (foro, chat, tutorías...)		
	Promove a reflexión dos temas tratados.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas		
	Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posíbel, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías a través das diferentes canles dispoñíbeis: tutorías multimedia, presenciais, vía telefónica.		
	Optimiza o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	Utiliza recursos web ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula virtual.		
	Mantén unha comunicación fluída cos estudantes a través das canles dispoñíbeis.		
	Plantexa actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
--	-------------	------------	---------------------

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non son alcanzados suficientemente.		
	Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		

Polo que se refire á avaliación da programación didáctica, en reunións de carácter quincenal realizarase un seguimento da programación didáctica por parte de todos os membros do departamento. Ao finalizar o curso, nunha reunión do departamento, farase unha análise dos resultados e discutiranse os posibles trocos na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os puntos do cadro seguinte:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR	A MELLORAR	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Realización de tarefas			
Estratexias			

metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Outros aspectos			

11. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Contidos esixibles

Todo o alumnado que non acadase os obxectivos mínimos nin adquirise as competencias básicas establecidas para cada módulo do ámbito da sociedade da Educación Secundaria de adultos, terá unha nova posibilidade de adquirilos.

Entendemos que os contidos esixibles para a superación do módulo pendente serán os mesmos indicados no apartado de mínimos esixibles para a contribución das materias ao logro das competencias básicas. Neste apartado de mínimos esixibles veñen enumerados os contidos mínimos que consideramos que son ineludibles para unha comprensión elemental dos temas tratados en cada módulo e que lle van permitir o logro das competencias básicas.

Programa de reforzo para a recuperación dos módulos pendentes de cursos anteriores

No ensino a distancia é fundamental a constancia da/o alumna/o, xa que disto depende en boa medida a consecución dos obxectivos previstos neste tipo de educación. O illamento do alumnado fai que, ante as primeiras dificultades, haxa un bo número de matriculados que

abandonen ou relaxen as súas actividades. Cómpre, pois, que o profesor exerza de guía, marque as pautas de estudo e axude nos ritmos ao alumnado.

É importante que as/os estudantes que non deseen superado os obxectivos dun módulo non abandonen e se presenten á avaliación extraordinaria que se lles oferta. Para manter ese ritmo de traballo e de estudo, a través da aula virtual, o profesor deseñará un programa de reforzo que permita a recuperación do módulo pendente.

O obxectivo fundamental do programa de reforzo é ir marcando, a través dunhas actividades voluntarias, as pautas de traballo que ten que seguir quen queira recuperar algún módulo pendente. As actividades son voluntarias, porque a finalidade non é avaliadora, senón sobre todo servir de guía ao alumnado.

As actividades consistirán:

1. Exercicios para insistir nos contidos teóricos fundamentais.
2. Probas prácticas para afondar no dominio dos diferentes procedementos traballados no módulo.

Actividades de avaliación

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas do módulo que as/os alumnas/os deben recuperar, o profesor contará:

1. A avaliación extraordinaria do módulo: Unha proba escrita na que se avaliará sobre os contidos mínimos esixibles.
2. A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc.

Criterios para superar módulos pendentes pola avaliación continua

Na educación secundaria a distancia, a avaliación continua pode medirse a través da participación na aula virtual e na realización dos traballos, exercicios e actividades que o profesor/ a profesora propoña. Ademais destas actividades, para poder superar o módulo pendente terá que superar a proba escrita (a avaliación extraordinaria) da que o centro establecerá a súa data.

12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A singularidade da educación secundaria de adultos a distancia supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro cuatrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica das alumnas/os. Con todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias básicas establecidas para o módulo.

Ademais dos contidos e actividades obrigatorias, ao longo do módulo presentaranse na aula virtual un conxunto de actividades de reforzo e ampliación, que teñen por obxectivo ofrecer os recursos básicos para que todas/os alumnas/os poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos do módulo.

13. TEMAS TRANSVERSAIS

O currículo da ESA ten un carácter integrador coa finalidade de consolidar no alumnado valores básicos que demanda a sociedade actual, tales coma **a educación para os dereitos humanos e a paz, educación moral e cívica, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e educación europea**. Estes temas transversais desenvólense no proxecto curricular integrados dun xeito transversal. A través dos seguintes elementos se pretende:

Educación para os dereitos humanos e a paz:

- **Apreciar** os dereitos humanos coma un dos logros irrenunciabes da humanidade
- **Desenvolver** actitudes de rexeitamento as desigualdades sociais e económicas dos pobos
- **Promover** actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias

Educación moral e cívica:

- **Desenvolver** actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que non coinciden coas propias
- **Formar** un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas
- **Saber** debater cunha actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias, e utilizando o diálogo como forma de resolver os conflitos humanos e sociais.
- **Comprender** aqueles contidos de grande impacto social como a emigración, a inmigración, a violencia, o racismo, as desigualdades sociais e económicas, o analfabetismo, etc. no marco xeral das tensións e problemas da sociedade actual.

Educación para igualdade entre os sexos ten como obxectivos:

- **Analizar** criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, dando un tratamento equivalente e equilibrado ó papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico.
- **Consolidar** hábitos non discriminatorios na explicación dos feitos e procesos do mundo contemporáneo, partindo da selección e análise de diversas fontes históricas e historiográficas.
- **Corrixir** a linguaxe sexista e homófoba que, ás veces, utilízanse de xeito inconsciente

Educación ambiental:

- **Comprender** as consecuencias medioambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, etc.
- **Valorar e respectar** o patrimonio histórico, cultural e social, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

Educación multicultural ten como finalidade:

- **Comprender** o significado histórico das culturas non europeas.
- **Desenvolver** actitudes de respecto, que non tolerancia, e valoración de culturas non occidentais.
- **Facerlles entender** que Europa non ten a solución a tódolos problemas, que as democracias europeas non son as únicas formas de organizar pobos e culturas

Educación europea o seu principal obxectivo é:

- **Coñecer** o significado da Unión Europea.
- **Desenvolver** a conciencia dunha cidadanía europea.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A singularidade da educación a distancia fai que sexa imposible deseñar actividades complementarias e extraescolares para que participe o conxunto do alumnado matriculado nos módulos. Se xa somos conscientes da importancia de superar a aula para o logro das competencias básicas, no ensino a distancia isto é máis que evidente aínda que se aproveiten todas as oportunidades que ofrece unha aula virtual.

A profesora, cando sexa posible, fará mención a todas as posibilidades artísticas, culturais e científicas que se organicen na nosa Comunidade, sendo consciente que a dispersión territorial do alumnado e a multiplicidade de actos fará imposible o coñecemento e a asistencia á maioría deles.

15. ACTITUDES, VALORES E IMPULSO DA AUTONOMIA PERSOAL

Preocupación pola rigorosidade e obxectividade na interpretación da información histórica.

Coñecer o pasado como fonte para entende lo presente.

Tomar conciencia da necesidade dunha preparación histórica para poder adoptar unha posición crítica propia.

Adquirir sensibilidade ante os problemas sociais derivados de situacións de desigualdade.

Valoración crítica do papel do cambio tecnolóxico no proceso histórico.

Valorar negativamente as desigualdades xurídicas; determinadas actitudes coma o despotismo, e certas actividades, coma o tráfico de escravos.

Fomentar o respecto ás ideas e a importancia da convivencia pacífica.

Inculcar a permeabilidade ó intercambio de opinións, informacións e criterios.

Valorar positivamente os logros do liberalismo político e recoñecelos como a orixe dos sistemas políticos europeos actuais.

Desenvolver hábitos e prácticas democráticas.

Rexeitar a discriminación sexual e fomentar a igualdade de oportunidades.

Apreciar a diversidade étnica e cultural.

Valorar a convivencia pacífica entre os pobos.

Rexeitar a discriminación racial e fomentar a igualdade dos seres humanos.

Valorar negativamente o recurso a violencia

Fomentar o respecto ás ideas e desenvolver hábitos de tolerancia, de respecto e de diálogo para resolver os conflitos.

Ter interese por coñecer os procesos económicos e a súa influencia sobre o devir social.

Valorar negativamente os extremismos políticos.

Rexeitamento da violencia como método de resolución dos conflitos.

Mostrar rexeitamento polos réximes que vulneren os dereitos humanos.

Tomar conciencia dos grandes problemas mundiais e adoptar unha actitude responsable ante eles.

Nas titorías presenciais e na aula virtual propóranse unha serie de traballos tendentes a fomentar a convivencia, a autonomía persoal, as habilidades sociais de comunicación e relación interpersoal como a escoita activa, a empatía, o respecto pola quenda de palabra, a valoración das opinións distintas a propia, e promovendo o tratamento correcto na utilización da aula virtual.

16. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN

Actividades de contribución ao:

- *Proxecto lingüístico.*
- *Proxecto lector* (tamén contemplado nos contidos competenciais e nas actividades complementarias e transversais).
- *Proxecto das TIC* (Tecnoloxías da información e da comunicación).
- *Plan de Convivencia.*

Contribución ao Proxecto lingüístico

Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, dende este departamento procurarase:

- Usar o galego como vía de comunicación habitual dentro da comunidade educativa.
- Realizar as comunicacións escritas co alumnado e demais persoal do centro en lingua galega.

- Fomentar o uso da lingua nas conversas informais.
 - Todos os contidos da aula virtual destinados o alumnado (guía da materia, documentos descargables, foro, ligazóns, correo electrónico, etc.) presentaranse sempre en galego. Os exames realizaranse en galego e/ou castelán
- Avaliación:* Valorar a actitude de respecto cara a lingua e o uso da mesma entre o alumnado e nas comunicacións co profesorado.

Contribución ao Proxecto das TIC

Dadas as características específicas destas ensinanzas de ESA a distancia do I.E.S. San Clemente uso das TIC é un dos instrumentos e recursos básicos de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

En esta liña de actuación dende este departamento procurarase:

- **Estimular** ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...)
- **Fomentar** a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación e evitando o exceso de información.
- **Propoñer** vídeos de contidos relacionados coa materia como elemento facilitador da aprendizaxe.

Avaliación: Valorar a mellora e aumento no uso dos recursos do portal educativo con respecto a cursos anteriores.

Contribución ao Plan de Convivencia

Considerando que a calidade da convivencia dentro de calquera colectivo e da comunidade educativa en especial, é un factor clave para o bo funcionamento do centro, dende este departamento intentarase:

- Colaborar co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia.

- Colaborar no posible, co Obradoiro de Igualdade
- Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas e promover esta dinámica entre o alumnado.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais como a escoita activa, a empatía o respecto pola quenda de palabra e a valoración das opinións distintas a propia.

Avaliación: Valorar as actitudes respectuosas e tolerantes do alumnado entre si e co profesorado.

IES San Clemente. Santiago de Compostela. Setembro 2022

Profesor: Leonel Capote Hernández

PROGRAMACIÓN ESA – ÁMBITO SOCIAL

MÓDULO II

CURSO 2022 - 2023

FRANCISCO JAVIER POCH GUTIÉRREZ

ÍNDICE:**PAX:**

1. Introducción e contextualización.	4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	4
3. Obxectivos.	6
3.1 OBXECTIVOS DO MÓDULO II	7
4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave.	7
5. Temporalización.	16
6. Criterios de avaliación e cualificación.	19
7. Procedementos de avaliación.	19
8. Instrumentos de avaliación.	20
9. Tratamento do fomento da lectura.	20
10. Tratamento do fomento das TIC.	21

11. Plans de traballo para a superación de materias pendentes.	21
11.1. CONTIDOS ESIXÍBEIS	22
11.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	22
12.3 ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN	23
12. Metodoloxía didáctica	23
13. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto	24
14. Programación de temas transversais	24
15. Medidas de atención á diversidade	25
16. Actividades complementarias e extraescolares	26

1. Introducción e contextualización.

O ensino do ámbito de sociedade na ESA a distancia pretender formar ao alumnado na comprensión e valoración dos aspectos xeográficos e sociais que se producen na sociedade do presente e do pasado, creando unha actitude crítica ante os problemas e desigualdades do mundo actual.

O ensino a distancia ten as súas peculiaridades dentro do conxunto das ensinanzas regradas. A metodoloxía da aula virtual (on line) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.

O proceso de aprendizaxe debe contribuír a formar as/os alumnas/os para que, con liberdade e espírito crítico, saiba actuar na sociedade en que vive. Con todo, ao ser un ensino de adultos, moitos dos valores xa están formados, aínda que sexa preciso traballalos e reforzalos.

Os contidos seleccionados recollen aspectos xeográficos e históricos e teñen por obxectivo fundamental acadar as competencias básicas no eido da xeografía e historia desde unha perspectiva científica, técnica e social, ademais de proporcionarlle ao alumnado a formación necesaria para que aprenda a ser máis respectuoso co medio natural e máis solidario coa sociedade en que vive.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)

5. Competencia Social e Cívica (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2.1. Comunicación lingüística (CCL). Esta competencia é o obxectivo principal da materia e aparece en todas as unidades.

Na educación a distancia hai unha predominancia da comprensión e expresión escrita e - en menor medida- da comprensión oral en detrimento da expresión oral.

2.2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Estas competencias reflíctense na aprendizaxe dos números cardinales, ordinales e romanos; das operacións matemáticas,...

2.3 Competencia dixital (CD). Con esta competencia o alumnado é capaz de buscar, obter, tratar e comunicar e verificar (con espírito crítico) informacións na rede.

O ensino a distancia lévase a cabo mediante a aula virtual: apuntamentos, referencias a páxinas web, ...

2.4 Aprender a aprender (CAA). O ensino a distancia favorece unha maneira de aprender autónoma. O alumnado ten que organizar o seu traballo, manexar os recursos propostos, ...

2.5 Competencias sociais e cívicas (CSC). Esta competencia intenta comprender a realidade social na que vivimos, afrontar a resolución de conflitos con valores e prácticas democráticas, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable no exercicio dos dereitos e obrigas cívicas.

Desenvolvemos esta competencia mediante o descubrimento das diferentes á propia.

2.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Esta competencia desenvólvese no alumnado partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e atínxe á súa responsabilidade, á creatividade

e á autocrítica.

Trátase de recoñecer que ten a capacidade de imaxinar, de desenvolver e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e **responsabilidade crítica**.

2.7 Conciencia e expresións culturais (CCEC). Esta competencia implica o coñecemento de diferentes manifestacións culturais, unha actitude aberta, respectuosa e crítica fronte á diversidade de expresións culturais.

3. Obxectivos

O ensino do Ámbito Social na ESA ten coma obxectivo desenvolver as seguintes capacidades:

1. **Promover** un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade como Galicia, a un estado histórico como é España e á cultura universal.
2. **Comprender** que o patrimonio cultural, natural, histórico e artístico é diferente ao de outros lugares, participando activamente na súa defensa e conservación.
3. **Aplicar** os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade galega para comprender a súa situación actual.
4. **Identificar** e **valorar** a pluralidade das comunidades sociais ás que pertence, con plena conciencia dos seus deberes e dereitos, e rexeitando discriminacións de todo tipo.
5. **Valorar** a diversidade lingüística e cultural manifestando actitudes de tolerancia.
6. **Identificar** as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e do aproveitamento dos recursos naturais.

7. **Identificar** e **analizar** as relacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos desempeñan nelas.
8. **Resolver** problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos das ciencias sociais.
9. **Obter** e **relacionar** información verbal, estatística e cartográfica a partir de diversas fontes, sobre todo dos medios de comunicación, e tratala e transmitila de forma ordenada e clara.
10. **Recoñecer** as peculiaridades do coñecemento científico sobre o social, valorando o carácter relativo e provisional dos seus resultados ou a aportación persoal do investigador.

- 3.1 OBXECTIVOS DO MÓDULO II

A liña de desenvolvemento, neste módulo II, debe estar relacionada tanto ca Historia, Economía, Tecnoloxía, como ca Natureza, xa que esta nos ofrece os Recursos Naturais necesarios para o desenvolvemento humano. Ditos recursos deben ter un desenvolvemento sostible para poder solventar e mellorar o medio no que vivimos.

Polo que respecta a Historia, o seu coñecemento lévanos a descubrir aos nosos antepasados, e apreciar así as grandes diferenzas con respecto ao mundo presente no que vivimos. A través do seu legado imos a coñecer a Historia acaecida durante case dez séculos (476 a 1492), de aí que os ámbitos temporais estean centrados na Idade Media e na Idade Moderna.

4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave.

	ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO 2				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave

Bloque 1. O Medio Físico					
• e • f • i • j • k • l	B1.1 Aproveitamento e futuro dos recursos naturais .	B1.1 Percibir e apreciar a importancia da protección dos espazos naturais.	B.1.1.1 Ubicar en diferentes tipos de cartografía zonas naturais protexidas.	• Diferencia as distintas zonas naturais nun mapa	• CMMCCT • CD
			B.1.1.2 Enumera criterios para recoñecer o valor engadido de determinados espazos naturais.	• Cita criterios para recoñecer os espazos naturais	• CSC • CD
			B.1.1.3 Expón as aportacións de determinadas paisaxes ao desenvolvemento sostible e ao ben colectivo.	• Explica as aportacións da paisaxe ao desenvolvemento sostible	
			B.1.1.4 Desenvolve un proxecto creativo e innovador para sensibilizar sobre a importancia de protexer un espazo natural próximo.	• Recoñece a importancia de protexer un espazo natural	• CSIEE • CAA • CSC
			B.1.1.5 Deseña un proxecto de conservación dun espazo natural anticipando, asumindo e xestionando riscos	• Deseña un proxecto de conservación dun	• CSIEE • CD

				espazo natural	
• b • e • f • i • k • l	B1.2 Desenvolvemento sostible. Impacto medioambiental e aproveitamento dos recursos	B.1.2 Identificar, describir e axuizar a acción humana sobre o medio ambiente e as súas consecuencias.	B.1.2.1 Relata diferentes tipos de intervención humana na natureza ao longo da historia.	• Expón a intervención humana na natureza	• CSIEE • CCL
			B.1.2.2 Investiga as causas e as consecuencias da acción humana sobre a natureza.	• Expón as consecuencias da intervención humana na natureza	• CSIEE • CAA
			B.1.2.3 Enxúza actuacións concretas da intervención humana valorando os seus resultados	• Valora a acción humana na natureza	• CSIEE • CCEC
			B1.2.4 Realiza un proxecto de investigación en equipo para ofrecer unha resposta científica a un problema medioambiental próximo	• Desenvolve un proxecto a un problema medioambiental	• CCL • CD • CSC
• c • d • e	B1.3 Espazos naturais protexidos.	B1.3 Propor estratexias para a conservación e mellora do entorno natural e resolver os problemas que se presenten.	B1.3.1 Emite xuízos fundados tras observar, interpretar e analizar actitudes que inciden na conservación do ambiente.	• Analiza actitudes que inciden na	• CAA • CSC

• i • j • k • l				conservación do ambiente	
			B1.3.2 Indaga boas prácticas sobre un desenvolvemento sostible contrastando diferentes fontes de información.	• Recoñece prácticas positivas sobre o desenvolvemento sostible	• CAA • CSIEE • CCEC
			B1.3.3 Argumenta a incidencia da acción humana sobre o medio ambiente e formula iniciativas para compensala.	• Formula iniciativas positivas sobre a actuación no mediambiente	• CAA • CSIEE
			B1.3.4 Comprende cambios producidos no medio ambiente e relaciona os efectos ofrecendo respostas fundamentais aos problemas atopados.	• Ofrece cambios positivos para os problemas no mediambiente	• CD • CAA • CSC
	Bloque 2. Economía e Tecnoloxía				
• b • e • h • i • j • l	B2.1 A globalización económica e o comercio internacional.	B2.1 Estimar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración.	B2.1.1 Define a globalización económica e identifica algún dos seus factores partindo de buscas na prensa e na internet.	• Explica a globalización	• CCL • CD • CAA
			B2.1.2 Valora o grao de interconexión das diferentes economías mundiais e aplica a	• Emite un xuízo sobre	• CD • CSIEE

			perspectiva global para emitir xuízos críticos	as distintas economías	• CMCCT
			B2.1.3 Argumenta as razóns que xustifican e inflúen no intercambio económico entre países.	• Cita algunha razón do intercambio económico entre países	• CCL • CMCCT
			B2.1.4 Analiza acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e do comercio internacional.	• Cita algún acontecemento económico no contexto da globalización	• CCL • CD • CCEC
• c • e • i • j • p	B.2.2 A economía no espazo da Unión Europea.	B2.2 Analizar a economía da Unión Europea tendo en conta as actividades dos diferentes sectores detectando desequilibrios territoriais.	B2.2.1 Fundamenta a importancia do mercado común europeo desde diferentes puntos de vista.	• Explica a importancia do mercado común europeo	• CCL • CCEC
			B2.2.2 Debate sobre as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da UE.	• Recoñece as vantaxes e os inconvenientes de pertencer a UE	• CCL • CAA • CSC

			B2.2.3 Pescuda sobre as competencias da UE e as súas principais institucións en materia de economía dos países membros.	• Resume as competencias da UE en economía	• CCL • CAA • CCEC
			B2.2.4. Sintetiza as peculiaridades da economía da UE.	• Cita algunhas das características da UE	• CCL • CD
• a • b • e • f • i • j • p	B.2.3 A consideración económica no medio ambiente e a incidencia dos últimos avances tecnolóxicos na economía.	B2.3 Pescudar o impacto da revolución tecnolóxica a nivel local, rexional, nacional e global, previndo posibles escenarios ambientais transnacionais e discutindo as novas realidades do espazo globalizado.	B2.3.1 Reflexiona sobre o impacto do desenvolvemento sostible na economía internacional.	• Emite algún xuízo sobre o desenvolvemento sostible	• CCL • CSC
			B2.3.2. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das TICs a distintos niveis xeográficos	• Recoñece a importancia das TICs	• CD • CMCCT
			B2.3.3 Pon de manifesto algún aspecto conflitivo da revolución tecnolóxica acudindo a diferentes sistemas de representación da información.	• Cita algún aspecto conflitivo da revolución tecnolóxica	
			B2.3.4 Discute a incidencia da revolución industrial e tecnolóxica no quecemento global.	• Explica a incidencia da revolución	• CCL • CSC • CCEC

				industrial e tecnolóxica no quencement o global.	
	Bloque 3. A Historia				
	A Idade Media				
• b • d • e • g • i	B3.1 A Idade Media: causas e etapas. A alta Idade Media. O Feudalismo. A Baixa Idade Media. O renacer das cidades e a crise do século XIV.	B3.1 Describir os aspectos socioeconómicos, políticos e culturais da Idade Media.	B3.1.1 Coñece os rasgos representativos desde a caída do Imperio romano ata a Idade Moderna: os reinos xermánicos e cristiáns, o Imperio bizantino, e os pobos musulmáns da Idade Media.	Recoñece os rasgos característicos da Idade Media	• CAA • CSC • CCL
			B3.1.2 Expón as características da sociedade feudal.	• Recoñece as características da sociedade feudal	• CAA • CSC • CCL
• b • d	B3.2 Al Andalus, os reinos cristiáns e peninsulares.	B3.2 Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns	B3.2.1. Comprende as orixes do Islam e a súa evolución.	• Explica o Islam e a	• CAA • CSC

• e • g • i	Os reinos de Taifas e as Coroas de Castela e Aragón. Galicia na Idade Media.	nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.		súa evolución	
			B3.2.2 Sinala a importancia de Al-Ándalus ao longo da historia.	• Situa Al-Ándalus nun mapa e indica o seu legado	• CSC • CAA • CD
			B3.2.3 Elabora e interpreta mapas que describan os procesos de conquista e repoboación na península ibérica.	• Compara mapas da península do século VIII, XI e XV	• CSC • CAA
• c • d • l • m	B3.3 A arte na Idade Media. Arte románica, gótica e islámica.	B3.2 Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.	B3.3.1 Recoñece e expón as características da arte románica, gótica e islámica así como da música medieval mediante ilustracións representativas.	• Recoñece nunha ilustración a arte románica, a gótica e a islámica.	• CSC • CAA • CC
A Idade Moderna					

• b • c • l	B3.4 Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.	B3.4 Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.	B3.4.1 Reflexiona sobre diferentes interpretacións de acontecementos relevantes da historia moderna tales como a conquista e colonización de América.	• Cita tres acontecementos relevantes da Idade Moderna	• CSC • CAA • CCEC
• b • e • g • h	B3.5. As monarquías autoritarias na Europa: os Austrias españois. O século XVII na Europa: o absolutismo. Galicia na idade moderna.	B3.5. Explicar a temporalización da Idade Moderna, ubicando os principios feitos dos cambios históricos que supón en relación á etapa anterior.	B3.5.1 Situa nunha liña do tempo acontecementos relevantes da Idade Moderna.	• Sitúa nunha liña do tempo os acontecementos citados no apartado anterior.	• CAA • CSC • CD
• c • d • l • m	B3.6 O Renacemento e o Humanismo. Características e repercusión. A arte renacentista e barroca.	B3.6 Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.	B3.6.1 Contextualiza o Renacemento e o Humanismo na historia europea, coa axuda de diferentes fontes históricas. B3.6.2 Valora o legado artístico humanista e científico da época e mostra interés por coñecer a música das diferentes épocas e culturas.		
				• Cita obras artísticas do Renacemento.	• CSC • CCEC

Neste período de tempo vemos a evolución da sociedade, sobre todo a partir do século XIII, a cal vai estar en continuos cambios ata chegar a sociedade na cal vivimos hoxe, moi influenciada polos avances tecnolóxicos dos últimos tempos.

A evolución da sociedade vai parella aos cambios económicos que se suceden e que van a desembocar na actual **“globalización”**.

Os ámbitos espaciais están centrados en Europa, Península Ibérica, Galicia, e de maneira máis xeral no resto do mundo.

A través do ensino-aprendizaxe dos conceptos e procedementos deste módulo chégase á comprensión e ao coñecemento das características históricas de dúas etapas importantes da Historia, **a Idade Media e a Idade Moderna**. Este feito permítenos ampliar os coñecementos de sucesos históricos acaecidos neses períodos da Historia.

5. Temporalización

MÓDULO II

Como a ESA é cuatrimestral e está distribuído en dúas avaliacións, a distribución é a seguinte:

- As unidades correspondentes ao Bloque 1: O Mundo Físico, e a do Bloque 2: Globalización e comercio internacional. Economía e tecnoloxía, serán a materia da 1ª avaliación
- As unidades correspondentes ao Bloque 3: A Historia – A Idade Media a Idade Moderna será a materia da 2ª avaliación.

Tanto na 1ª como na 2ª avaliación está previsto que cada unidade se corresponda a dúas semanas lectivas, aínda que o tempo será bastante xusto. Dada a extensión dalgunha das unidades faremos fincapé nos aspectos máis importantes e centrarémonos nas ideas xerais dos mesmos.

Módulo II

1ª AVALIACIÓN

Unidade 5: O Medio Físico

- 1- Aproveitamento e futuro dos recursos naturais
Os grandes conxuntos de paisaxes naturais. O medio natural como recurso. Os riscos naturais
- 2- Desenvolvemento sostible. Impacto medioambiental e aproveitamento dos recursos.
Cambio climático e contaminación atmosférica. A auga, un recurso escaso. A deforestación. A degradación dos solos. As ameazas á biodiversidade
- 3- Espazos naturais protexidos.
A creación e a ampliación dos espazos naturais protexidos. Os espazos naturais protexidos en Galicia
- 4- Glosario

Unidade 6: Globalización e comercio internacional. Economía e tecnoloxía.

1. A globalización económica
Factores da globalización. Vantaxes e desvantaxes da globalización. A globalización económica, política e cultural. Os problemas medioambientais. O cambio climático. A política medioambiental. Desigualdades e subdesenvolvemento. O desenvolvemento sostible
2. Comercio Internacional
Os beneficios do comercio internacional: a vantaxe comparativa. Proteccionismo fronte ao libre comercio. Barreiras ao libre comercio. Organismos de cooperación internacional. A integración económica. A Unión Europea
3. Glosario

Unidade 7: A Idade Media

1. A Idade Media
Os reinos xermanos e o Imperio Carolinxio - O Imperio Bizantino - O Islam - O feudalismo e o papel da Igrexa - O renacemento das cidades e a crise do século XIV
2. A Idade Media na Península Ibérica.
- As monarquías xermánicas na Península Ibérica - Al-Ándalus e os reinos cristiáns - Galicia durante a Idade Media
3. A arte medieval
A arte románica - A arte gótica - A arte islámica
4. Glosario

Unidade 8: A Idade Moderna

1. Os séculos XV e XVI
- A era dos descubrimentos - O Novo Mundo - Cambios sociais e políticos
2. Humanismo e Renacemento
Humanismo - Renacemento - Reforma e Contrarreforma
3. O século XVII
O declive dos Austrias - O absolutismo - O Barroco e o Século do Ouro - A revolución científica
3. Galicia na Idade Moderna
4. Glosario

6. Criterios de avaliación e cualificación

ACTIVIDADES AVALIADORAS	NÚMERO MÍNIMO POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA DA AVALIACIÓN
1. EXAMES: Abertos ou de redacción Pechados	1	100,00%

Ao longo do curso realizaranse dúas probas (exames), fixadas a tal fin pola xefatura de estudos, que constituirán o 100% da nota final da alumna/o.

De non superaren a proba obxectiva da primeira avaliación, as alumnas/os terán a oportunidade de examinarse de toda a

materia na segunda avaliación ou final. A cualificación final obterase da media das dúas probas obxectivas realizadas durante o cuadrimestre, sempre que a nota da 1ª avaliación sexa 4 ou superior a 4. No seu defecto a cualificación corresponderá á nota obtida no exame final. Para aprobar nas convocatorias ordinaria ou extraordinaria a media debe ser 5 ou superior.

7. Procedementos de avaliación

Ao ser un ensino a distancia, boa parte do protagonismo do proceso de ensino-aprendizaxe recaerá no propio alumnado. É moi importante que o alumnado estea en contacto co profesor nas horas de Titoría Multimedia ou que, cando menos, acceda dunha forma periódica á Aula Virtual para consultar toda a información que o profesor vaia incorporando.

A avaliación do alumnado basearase no seguinte:

- Cada semana, o profesor ou profesora indicará na aula virtual unha orientación do tema a traballar nesa semana. Como o ensino é a distancia, o alumnado poderá distribuír os contidos segundo quixer, mais a tarefa do profesor será ir guiando nunha distribución o máis axeitadamente os contidos e actividades ao longo do curso. Cada quincena o profesor achegará ao alumnado unha serie de actividades voluntarias sobre o tema que están a tratar.

- Ao final de cada cuadrimestre, e/ ou na avaliación parcial, o/a profesor/a desenvolverá unha proba escrita sobre as unidades didácticas traballadas nese tempo.
- Ao longo de cada cuadrimestre, o/a profesor/a corraxirá os exercicios voluntarios achegados polo alumnado e remitiralle a través da aula virtual os resultados.

8. Instrumentos de avaliación

Os exames versarán sobre todos os contidos e actividades realizadas no período que se avalíe. As probas obxectivas consistirán nunha serie de preguntas a responder polo alumnado. Estas cuestións poderán combinar exercicios de resposta verdadeiro/falso, resposta múltiple, comprensión de pequenos textos, gráficos, imaxes, cuestións de desenvolver, definición de conceptos... . As devanditas preguntas poderán variar no que a extensión e puntuación se refire, mais a nota final virá indicada numericamente, debendo obterse unha nota mínima de **5 sobre 10** para poder superar a avaliación.

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas de cada módulo, o profesor contará o resultado das dúas probas escritas, unha por cada avaliación, que todo o alumnado deberán desenvolver ao longo do módulo, un por cada cuadrimestre.

9. Tratamento do fomento da lectura

A singularidade da educación a distancia, co seguimento da materia a través da aula virtual, traballando en grande parte os materiais colgados nela, fan que a lectura sexa básica para unha boa consecución das competencias básicas. A transmisión oral, profesor/a-alumna/o, alumna/o-profesor/a, sempre presente e accesible, está vinculada fundamentalmente á titoría presencial, que se desenvolve unha vez á semana, así como ás horas de atención telefónica. Deste xeito, a lectura é básica, xa que o achegamento á materia faise lendo os materiais colgados na web.

Para todos os temas tratados ao longo do módulo, e posible que se lle achegue ao alumnado lecturas complementarias que o axuden a

afondar nos obxectivos e competencias básicas e, se é posible, incentivarase o seu uso a través de traballos complementarios.

10. Tratamento do fomento das TIC

No sistema de ensino da ESA a distancia, o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básicos de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

Aproveitando a grande base que supón a aula virtual coa que conta o centro (<http://www.iessanclemente.net>) traballarase para:

- Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...).
- Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación. Evitando o exceso de información.

Por outra banda, nas titorías presenciais insistiremos en:

- Utilizar programas de presentacións informáticas (tipo powerpoint), na busca de estimular unha explicación clara e concisa da materia, axudando a desenvolver a capacidade de síntese de todo o alumnado.
- Utilizar a pantalla virtual existente no centro.

11. Plans de traballo para a superación de materias pendentes

11.1. CONTIDOS ESIXÍBLES

Todo o alumnado que non acadase os obxectivos mínimos nin adquirise as competencias básicas establecidas para cada módulo do Ámbito

Social da Educación Secundaria de adultos, terá unha nova posibilidade de adquirilos.

Entendemos que os contidos esixibles para a superación do módulo pendente serán os mesmos indicados no apartado de mínimos esixibles para a contribución das materias ao logro das competencias básicas. Neste apartado de mínimos esixibles veñen enumerados os contidos mínimos que consideramos que son ineludíbeis para unha comprensión elemental das unidades tratadas en cada módulo e que lle van permitir o logro das competencias básicas.

11.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

No ensino a distancia é fundamental a constancia da/o alumna/o, xa que disto depende en boa medida a consecución dos obxectivos previstos neste tipo de educación. O illamento do alumnado fai que, ante as primeiras dificultades, haxa un bo número de matriculados que abandonen ou relaxen as súas actividades. Cómpre, pois, que o/a profesor/a exerza de guía, marque as pautas de estudo e axude nos ritmos ao alumnado.

É importante que as/os estudantes que non desen superado os obxectivos dun módulo non abandonen e se presenten á avaliación extraordinaria que se lles oferta. Para manter ese ritmo de traballo e de estudo, a través da aula virtual, o/a profesor/a deseñará, se se dá o caso, un programa de reforzo que permita a recuperación do módulo pendente.

O obxectivo fundamental do programa de reforzo é ir marcando, a través dunhas actividades voluntarias, as pautas de traballo que ten que seguir quen queira recuperar algún módulo pendente. As actividades son voluntarias, porque a finalidade non é avaliadora, senón sobre todo servir de guía ao alumnado.

As actividades (se é posible colgalas) consistirán:

1. Exercicios para insistir nos contidos teóricos fundamentais.
2. Probas prácticas para afondar no dominio dos diferentes procedementos traballados no módulo.

11.3 ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas do módulo que as/os alumnas/os deben recuperar, o/a profesor/a contará:

1. A avaliación extraordinaria do módulo:
2. En caso de subir o/a profesor/a exercicios: a realización das actividades voluntarias.
3. A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc.

12. Metodoloxía didáctica

O ensino a distancia ten unhas características propias que a singularizan dentro do conxunto dos ensinos regrados. Entre unha das estratexias de aprendizaxe que se propoñen atópanse:

1. A retroalimentación como estratexia de avaliación formativa.
2. A metodoloxía da aula virtual (on line) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.
3. O foro como estratexia avaliación sumativa.

A respecto da retroalimentación como estratexia de avaliación formativa considérase como unha comunicación descritiva continua que facilita información ao estudante ou ao grupo sobre como son os seus avances ou progresos ao comezo e durante e ao final do desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

O foro como ferramenta de avaliación está dirixido á autoavaliación e á coavaliación, xa que permite desenvolver un tema específico, o cal os estudantes irán nutrindo e xerando un debate coas diferentes formulacións e intervencións que realicen. Estes serán moderados polo profesor/a que conducirá as intervencións cara ao propósito avaliativo, o cal xa foi negociado con anterioridade cos estudantes. Establecendo os criterios de avaliación con claridade e precisión do que se espera lograr.

A aula virtual é un recurso en que mostra a natureza evolutiva do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, brinda a oportunidade para

reflexionar sobre o crecemento do estudante. Proporciona evidencia do coñecemento, as habilidades e as disposicións de quen o elabora e reflicte o que se quere aprender e o xa aprendido. É a historia dos procesos de ensino e aprendizaxe de cada estudante. Nel alóxanse todas actividades realizadas polos/as estudantes e obsérvanse os cambios evolutivos dos procesos.

Estas estratexias brindan autonomía e requiren do desenvolvemento de competencias comunicativas, unha estrutura do proceso avaliativo que se constrúa en base ao diálogo para que se establezan compromisos pedagóxicos que posibiliten o éxito do estudante a distancia. O uso das tecnoloxías permite a interdependencia, a interacción inmediata, mediata, oportuna e pertinente. Requiren de planificación, claridade e precisión. A formulación de criterios e do que se quere avaliar e pretende avaliar en cada unha das actividades.

13. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto

Usaremos as Unidades Didácticas editadas pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a ESA.

Ademais, na medida do posible, proporcionaremos ao alumnado material complementario, a través da aula virtual, coma gráficas, mapas, mapas conceptuais, etc., que faciliten o traballo e a comprensión da materia de cada módulo. Isto complementarase con vídeos, de tempo breve, que faciliten a comprensión da materia vista en cada unha das unidades.

Cómpre destacar especialmente todos os recursos estritamente educativos ou outros relacionados coas materias, que presenta internet. O papel do/a profesor/a será animar a indagar e afondar en internet polos diferentes contidos do curso, así como establecer unhas orientacións básicas que axuden ao alumnado a non perderse nesa enorme fonte de información. Insistirase neste eido na busca de que o alumnado se converta no principal protagonista do proceso educativo, desenvolvendo a competencia de aprender a aprender, utilizando distintos recursos e fontes xeográficas, históricas e económicas. É fundamental o traballo individual.

14. Programación de temas transversais

Os temas transversais prográmanse ao longo de todo o currículo da materia, integrados no conxunto dos contidos da materia.

No ámbito da sociedade abordamos de forma transversal os seguintes:

Educación moral e cívica

Educación para a paz

Educación para igualdade de oportunidades entre ambos sexos

Educación ambiental

Educación para a saúde e educación sexual

Educación viaria

Educación para o consumo

Os temas transversais perseguen que a educación integral das persoas teña en conta non só as capacidades cognitivas e intelectuais, senón atender tamén ao desenvolvemento da capacidade afectiva, da relación interpersoal e social. Axudan a desenvolver persoas reflexivas e críticas co entorno social e físico, que coiden de si mesmas e que sexan quen de implicarse en cambios de actitudes prexudiciais por outras máis respectuosas consigo mesmo, co medio natural e coa sociedade en xeral.

Dentro deste ámbito incidirase especialmente:

- Módulo II: a igualdade de xénero, as consecuencias das desigualdades ao longo da historia, a educación para o coidado do medio, para a paz , a interculturalidade, etc.

Valoraranse as actitudes que se desprenden do desenvolvemento de actividades voluntarias relacionadas con estes aspectos e pautas de comportamento (a través da aula virtual).

15. Medidas de atención á diversidade

A singularidade da educación secundaria de adultos a distancia supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro cuadrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica das alumnas/os. Con

todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias básicas establecidas para o módulo.

Ademais dos contidos e actividades obrigatorias, ao longo do módulo presentaranse na aula virtual un conxunto de actividades de reforzo e ampliación , que teñen por obxectivo ofrecer os recursos básicos para que todas/os alumnas/os poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos do módulo.

16. Actividades complementarias e extraescolares

A singularidade da educación a distancia fai que sexa imposible deseñar actividades complementarias e extraescolares para que participe o conxunto do alumnado matriculado nos módulos. Se xa somos conscientes da importancia de superar a aula para o logro das competencias básicas, no ensino a distancia isto é máis que evidente aínda que se aproveiten todas as oportunidades que ofrece unha aula virtual.

Porén, intentaremos movernos de xeito virtual por espazos diversos e percorrерemos do mesmo xeito lugares, exposicións, edificios e obras de todo tipo que concorran nos diversos obxectos de estudo que imos a coñecer

Santiago de Compostela, setembro de 2022

Fdo: Francisco Javier Poch Gutiérrez

PROGRAMACIÓN ESA – ÁMBITO SOCIAL

MÓDULO III

CURSO 2022-2023

Profesor: Leonel Capote Hernández

ÍNDICE

PÁX:

1. Introducción e contextualización.	4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	5
3. Obxectivos.	7
3.1 OBXECTIVOS DO MÓDULO III	9
4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave.	14
5. Temporalización.	15
6. Criterios de avaliación.	17
7. Mínimos esixibles.	17
8. Criterios de cualificación.	18
9. Procedementos de avaliación.	20
10. Instrumentos de avaliación.	21
11. Tratamento do fomento da lectura.	21
12. Tratamento do fomento das TIC.	22
13. Plans de traballo para a superación de materias pendentes.	23

13.1. CONTIDOS ESIXÍBLES	23
13.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	23
13.3 ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN	24
14. Metodoloxía didáctica	24
15. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto	26
16. Programación de temas transversais	26
17. Medidas de atención á diversidade	27
18. Actividades complementarias e extraescolares	28

1.Introdución e contextualización.

O IES San Clemente está situado na rúa que leva o seu mesmo nome, da zona monumental da cidade, moi próximo a Alameda. O contexto sociocultural é urbano.

A cidade de Santiago, onde se ubica este IES, caracterízase por ser unha cidade universitaria (das máis antigas de España), ademais de ser un dos tres centros de peregrinaxe do mundo cristiá, así como de congresos e de encontro de culturas, e ter o designio pola UNESCO de ser cidade patrimonio da humanidade.

A historia do San Clemente remóntase a 1948, cando o concello recibe dunha doante, os terreos para construír neles un centro educativo para os nenos pobres da cidade e así poderlles facilitar uns coñecementos profesionais. Máis, non será ata o ano 1953, cando o centro inicie a súa andadura docente. Andadura que alberga a antiga Escola de Traballo para logo dar paso a “Escola de Mestría Industrial” e seguidamente Centro de Formación Profesional de II Grao.

Coa reforma educativa da LOXSE, este centro pasou a denominarse IES, e uns anos máis tarde introducíronse nel as ensinanzas non estritamente profesionais. Actualmente nes estanse impartindo ensinanzas de ciclo medio e superior de Informática, e de ESA e Bac (adultos), semipresencial e a distancia.

O ensino do ámbito de sociedade na ESA a distancia pretender formar ao alumnado na comprensión e valoración dos aspectos xeográficos e sociais que se producen na sociedade do presente e do pasado, creando unha actitude crítica ante os problemas e desigualdades do mundo actual.

O ensino a distancia ten as súas peculiaridades dentro do conxunto das ensinanzas regradas. A metodoloxía da aula virtual (on line) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a co avaliación.

O proceso de aprendizaxe debe contribuír a formar as/os alumnas/os para que, con liberdade e espírito crítico, saiba actuar na sociedade en que vive. Con todo, ao ser un ensino de adultos, moitos dos valores xa están formados, aínda que sexa preciso traballalos e reforzalos.

Os contidos seleccionados recollen aspectos xeográficos e históricos e teñen por obxectivo fundamental acadar as competencias básicas no eido da xeografía e historia desde unha perspectiva científica, técnica e social, ademais de proporcionarlle ao alumnado a formación necesaria para que aprenda a ser máis respectuoso co medio natural e máis solidario coa sociedade en que vive.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave:

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencia Social e Cívica (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2.1. Comunicación lingüística (CCL). Esta competencia é o obxectivo principal da materia e aparece en todas as unidades.

Na educación a distancia hai unha predominancia da comprensión e expresión escrita e - en menor medida- da comprensión oral en detrimento da expresión oral.

2.2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Estas competencias reflíctense na aprendizaxe dos números cardinales, ordinales e romanos; das operacións matemáticas,...

2.3 Competencia dixital (CD). Con esta competencia o alumnado é capaz de buscar, obter, tratar e comunicar e verificar (con espírito crítico) informacións na rede.

O ensino a distancia lévase a cabo mediante a aula virtual: apuntamentos, referencias a páxinas web, etc.

2.4 Aprender a aprender (CAA). O ensino a distancia favorece unha maneira de aprender autónoma. O alumnado ten que organizar o seu traballo, manexar os recursos propostos, ...

2.5 Competencias sociais e cívicas (CSC). Esta competencia intenta comprender a realidade social na que vivimos, afrontar a resolución de conflitos con valores e prácticas democráticas, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable no exercicio dos dereitos e obrigas cívicas.

Desenvolvemos esta competencia mediante o descubrimento das diferentes á propia.

2.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Esta competencia desenvólvese no alumnado partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e atinxe á súa responsabilidade, á creatividade e á autocrítica.

Trátase de recoñecer que ten a capacidade de imaxinar, de desenvolver de avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e **responsabilidade crítica**.

2.7 Conciencia e expresións culturais (CCEC). Esta competencia implica o coñecemento de diferentes manifestacións culturais, unha actitude aberta, respectuosa e crítica fronte á diversidade de expresións culturais.

3. Obxectivos

O ensino do Ámbito Social na ESA ten coma obxectivo desenvolver as seguintes capacidades:

1. **Promover** un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade como Galicia, a un estado histórico como é España e á cultura universal.
2. **Comprender** que o patrimonio cultural, natural, histórico e artístico é diferente ao de outros lugares, participando activamente na súa defensa e conservación.
3. **Aplicar** os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade galega para comprender a súa situación actual.
4. **Identificar** e **valorar** a pluralidade das comunidades sociais ás que pertence, con plena conciencia dos seus deberes e dereitos, e rexeitando discriminacións de todo tipo.

5. **Valorar** a diversidade lingüística e cultural manifestando actitudes de tolerancia.
6. **Identificar** as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e do aproveitamento dos recursos naturais.
7. **Identificar** e **analizar** as relacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos desempeñan nelas.
8. **Resolver** problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos das ciencias sociais.
9. **Obter** e **relacionar** información verbal, estatística e cartográfica a partir de diversas fontes, sobre todo dos medios de comunicación, e tratala e transmitila de forma ordenada e clara.
10. **Recoñecer** as peculiaridades do coñecemento científico sobre o social, valorando o carácter relativo e provisional dos seus resultados ou a aportación persoal do investigador.

3.1 OBXECTIVOS DO MÓDULO III

A liña de desenvolvemento, neste módulo III, debe estar relacionada tanto ca Historia, como ca Economía.

Polo que respecta a Historia, o seu coñecemento lévanos a descubrir os cambios habidos co pensamento Ilustrado, os cales dan paso a continuos cambios en pouco espazo de tempo e aparecendo un novo período da historia, obxecto de estudo neste módulo. Este período histórico caracterizado polos avances técnicos que dan lugar a aparición e introdución da máquina como factor

importante de produción: nacemento da industria, a cal leva parella guerras, sobre todo as dúas máis importantes da Historia da Humanidade que teñen lugar no século XX: 1ª e 2ª Guerra Mundial.

ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO 3					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Historia					
- b - c - d - l - m	B1.1 A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia.	B1.1 Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	B1.1.1 Analiza a obra de autores clave do inicio da Idade Contemporánea e a súa influencia a nivel cultural, social, político e económico.	Recoñecer obras do inicio da idade contemporánea	- CSC - CCEC - CAA
			B1.1.2 Valora o alcance da Ilustración e da Revolución Científica dos séculos XVII e XVIII.	Explica o significado da Ilustración	- CSC - CMCCT - CAA
			B1.1.3 Manifesta unha atitude crítica e de rexeitamento ante as manifestacións culturais que supoñan discriminación de calquera tipo.	Recoñece obras da Ilustración	- CSC - CCEC
- c - e - f - j	B1.2 O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime.	B1.2 Comprender o inicio da Idade Contemporánea dende unha perspectiva social, política e económica.	B1.2.1 Narra sinteticamente os principais feitos das revolucións burguesas do século XVIII, dando explicacións causais e valorando vantaxes e inconvenientes.	Explica o significado das revolucións burguesas	- CSC - CAA - CCL
	B1.3 Do Imperio Napoleónico á época da Restauración.	B1.3 Analizar as dificultades da diplomacia europea e o alcance dos conflitos durante a época napoleónica.	B1.3.1 Analiza as relación entre reinos europeos que conduciron ás guerras.	Describe a situación política da Europa napoleónica	- CSC - CCL
- c - e - f	B1.4 Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia. Galicia no século XVIII.	B1.4 Explicar, a través do caso español, os intentos de adaptación do Antigo Réxime e mantemento do poder por parte dos monarcas	B1.4.1 Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	Describe as diferenzas dos réximes	- CSC - CAA

		européos na época da Ilustración.		autoritarios, dos parlamentari os e absolutos	
• c • e • i • j	B1.5 A Revolución Industrial.	B1.5 Describir os feitos relevantes da Revolución Industrial, tendo en conta o seu encadeamento causal e o tipo de progreso que conleva, e analizar os conseguintes cambios económicos en España e Galicia.	B1.5.1 Analiza a evolución da industrialización en diferentes países de España e diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	Compara a evolución industrial de España con Europa Occidental	• CSC • CAA • CCL
			B1.5.2 Compara o proceso da Revolución Industrial en Inglaterra co doutros países.	Analiza a revolución industrial en Inglaterra	• CSC • CMCCT
			B1.5.3 Valora a industrialización en España e Galicia e a súa repercusión política e económica.	Expón os cambios que ocasionou a industrialización en España e Galicia	• CSC • CMCCT • CAA
			B1.5.4 Detecta e expón de maneira sintética os beneficios e inconvenientes que xerou a Revolución Industrial tendo en conta a situación laboral dos sectores máis desfavorecidos.	• D describe o que supuxo a industrialización	• CSC • CAA
• c • f • i	B1.6 Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia.	B1.6 Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	B1.6.1 Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	Expón varias razóns que leva ao estoupido revolucionario	• CSC • CAA • CCL
			B1.6.2 Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	Describe unha imaxe gráfica das revolucións burguesas	
• c • i • l	B1.7 Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte.	B1.7 Valorar os movementos culturais e os principais avances científicos e tecnolóxicos do século	B1.7.1 Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	• Cita distintos avances acaecidos no XIX	• CSC • CD • CAA

• m		XIX, consecuencia das revolucións industriais.	B1.7.2 Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	• Distingue os movementos artísticos europeos dos asiáticos.	• CSC • CCEC
			B1.7.3 Comenta analiticamente diferentes tipos de obras de arte do século XIX.	• Comenta unha pintura do XIX	• CSC • CCEC • CCL
• b • c • d • i	B1.8 A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auxo do colonialismo.	B1.8 Establecer xerarquías causais da evolución do imperialismo, identificando as potencias e a repartición de poder no mundo no último cuarto do século XIX e principios do XX.	B1.8.1 Razona a relación entre o imperialismo, a xeopolítica mundial e as relacións económicas transnacionais.	• Expón algunha razón do imperialismo	• CSC • CAA • CCL
			B1.8.2 Establece interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	Explica as causas da 1ª Guerra Mundial	
• c • d • e • i	B1.9 O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.	B1.9 Explicar os aspectos fundamentais da Gran Guerra e a Revolución Rusa, as súas consecuencias, e as súas interconexións.	B1.9.1 Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa.	Describe a Europa de 1914 ca Europa de 1918	
			B1.9.2 Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	Expón o alcance da Revolución Rusa	
• b • c • e • i • j	B1.10 A época de Entreguerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auxo dos fascismos.	B1.10 Comprender os acontecementos, fitos e procesos máis importantes do período de Entreguerras e analizar as causas do auxo dos fascismos en Europa.	B1.10.1 Contrasta diferentes interpretacións de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia acerca dos procesos máis importantes do período de Entreguerras.	• Cita acontecementos da Europa de Entreguerras	• CSC • CD • CAA
			B1.10.2 Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores.	• Expón as causas da crise do 29	• CSC • CAA • CCL • CMCCT
			B1.10.3 Valora a loita da muller no movement sufraxista.	• Expón as razóns da loita das mulleres para votar	• CSC • CAA
			B1.10.4 Explica diversos factores que fixeron posible o auxo do fascismo en Europa.	• Cita os factores que favoreceron os fascismos	• CSC • CAA • CCL

	B1.11 A Segunda Guerra Mundial (1939-1945).	B1.11 Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial e o contexto en que se desenvolveu o Holocausto, así como as súas consecuencias.	B1.11.1 Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos.	• Expón as causas e as consecuencias da 2ª G M	• CSC • CD • CAA • CCL
			B1.11.2 Interpreta as razón da fin da Segunda Guerra Mundial a nivel europeo e mundial.	• Fundamenta a fin da 2ª G M	• CSC • CCL • CAA
			B1.11.3 Explica as fases do conflito coa axuda de mapas e outras representacións.	• Explica a través dun mapa as fases da guerra.	• CSC • CD • CAA • CCL
			B1.11.4 Elabora un xuízo persoal do Holocausto e as súas consecuencias a partir de información procedente de diversas fontes.	• Describe o Holocausto	• CSC • CCEC • CD • CCL
• b • c • d • j	B1.12 O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil.	B1.12 Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.	B1.12.1 Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas.	• Analiza as reformas republicanas	• CSC • CCL • CAA
			B1.12.2 Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	Expón as causas da Guerra Civil	
Bloque 2. Economía					
• a • e • h • i • p	B2.1 Ingresos e gastos. Identificación e control. B2.2 Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B2.1 Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	B2.1.1 Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	Elabora un plan financeiro persoal.	• CAA • CD • CMCCT
			B2.1.2 Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	Na elaboración do plan anterior fai uso da informática	
			B2.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	Compara distintos gráficos do plan financeiro e comentarios	

• a • c • f • i • p	B2.3 Planificación económico-financiera: necesidades económicas nas etapas da vida.	B2.2 Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	B2.2.1 Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	Describe a necesidade da planificación das finanzas	• CAA • CSIEE
• a • i • j • p	B2.4 Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B2.5 Risco e diversificación.	B2.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	B2.3.1 Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	Expón a necesidade do aforro	• CAA • CSC
			B2.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	Analiza o risco do endebedamento	
	B2.6 O diñeiro. B2.7 Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B2.8 Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B2.9 Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.	B2.4 Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	B2.4.1 Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	Describe o funcionamento das operacións bancarias	• CCL • CMCCT
			B2.4.2 Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	Interpreta os contratos bancarios	• CCL • CAA • CD
			B2.4.3 Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	Expón as necesidades das negociacións cas entidades financeiras	• CAA • CD
• a • c • i • p	B2.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B2.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	B2.4.4 Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	Identifica as distintas tarxetas bancarias	• CCL • CD • CMCCT
			B2.5.1 Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	Distingue os distintos tipos de seguros	• CAA • CCL • CMCCT

A través do seu legado imos a coñecer a Historia dos últimos tres séculos, de aí que os ámbitos temporais estean centrados na Idade Contemporánea.

Neste período de tempo vemos os cambios da sociedade, da forma de producir bens, a substitución da forza humana pola forza das máquinas, o uso de fontes de enerxía para mover as máquinas, etc. Ditos cambios van a ser continuos e moi seguidos no tempo, ata chegar a sociedade na cal vivimos hoxe, moi influenciada polos avances tecnolóxicos dos últimos tempos.

A evolución da sociedade vai parella aos cambios económicos que se suceden e que van a desembocar na actual **“globalización”**.

Os ámbitos espaciais están centrados en Europa, Península Ibérica, Galicia, e de maneira máis xeral no resto do mundo.

A través do ensino-aprendizaxe dos conceptos e procedementos deste módulo chégase á comprensión e ao coñecemento das características históricas da presente etapa histórica desde o seu inicio: **a Idade Contemporánea**. Este feito permítenos ampliar os coñecementos de sucesos históricos acaecidos neste período da Historia máis recente.

Polo que respecta ao coñecemento da Economía, o seu estudo permítenos coñecer conceptos básicos do día a día na nosa economía, así como obxectivos e prioridades da mesma.

4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

5. Temporalización

MÓDULO III

Como a ESA é cuadrimestral e está distribuído en dúas avaliacións, a distribución é a seguinte:

- As unidades correspondentes ao Bloque 1 de Historia → da Unidade 1: A Ilustración e a revolución científica ata a 9: A época de entreguerras, serán a materia da 1ª avaliación.
- As unidades continuación do Bloque de Historia: A Segunda Guerra Mundial e O primeiro terzo do século XX en España e Galicia; así como as do Bloque 2 correspondentes ao bloque de Economía, serán a materia da 2ª avaliación.

Tanto na 1ª como na 2ª avaliación está previsto que cada unidade se corresponda a unha semana lectiva, aínda que o tempo será bastante xusto. Dada a extensión dalgunha das unidades faremos fincapé nos aspectos máis importantes e centrarémonos nas ideas xerais dos mesmos.

Aproveitaremos tamén o tempo de Nadal para poder cumprir o programa da 2ª avaliación, dado que este período lectivo é máis curto.

Módulo III	
1ª AVALIACIÓN	Unidade 9: Séculos XVIII e XIX. A Ilustración. As revolucións burguesas. O Imperio napoleónico. Os Borbóns en España. A Revolución Industrial 1. Que foi o Antigo Réxime? Características principais do Antigo Réxime. - O despotismo ilustrado. - A Ilustración. En que consistiu a Ilustración? 2. O Século XVIII. As revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime. O Imperio napoleónico. Os Borbóns en España. As revolucións liberais burguesas. A independencia dos Estados Unidos (EE UU) en 1776. As trece colonias inglesas. - Do Imperio napoleónico á época da Restauración - Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia 3. A Revolución Industrial O proceso de industrialización - A Revolución Industrial en España 4. As revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX. Liberalismo político. 5. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. 6. A arte. 7. Glosario UNIDADE 10: O século XIX. Imperialismo. Século XX: I Guerra Mundial. A Revolución rusa. A época de entreguerras. Os fascismos. A II Guerra Mundial. A II República e a Guerra Civil. 1. O Século XIX. Imperialismo. Causas do imperialismo - Consecuencias do imperialismo 2. Século XX: A Primeira Guerra Mundial. A Revolución rusa. Período de Entreguerras. A II Guerra Mundial. 3. O primeiro terzo do Século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil. 4. A arte - A arte no século XX. Arte contemporánea. 5. Glosario

2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 11: Planificación económico-financeira. Os orzamentos. 1. Ingresos e gastos. Identificación e control. 2. Que é e como se elabora un orzamento? Regras básicas para controlar os ingresos e os gastos - Estrutura dun orzamento - Pasos para elaborar un orzamento. 3. Necesidades económicas nas etapas da vida. 4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións O aforro - Aforrar ou endebedarse? - Os plans de pensións. 5. Risco e diversificación - Risco financeiro - Diversificación 6. Glosario UNIDADE 12: O diñeiro. O mercado financeiro 1. O diñeiro - Funcións do diñeiro - A evolución do diñeiro - Tipos de diñeiro - Contas bancarias - As tarxetas - A banca en liña 2. O mercado financeiro 3. O contrato de seguro 4. Glosario
---------------	--

6. Criterios de avaliación

Ao ser un ensino a distancia, boa parte do protagonismo do proceso de ensino-aprendizaxe recaerá no propio alumnado. É de importancia vital que o alumnado estea en contacto co profesor nas horas de Titoría Multimedia ou que cando menos acceda dunha forma periódica á Aula Virtual para consultar toda a información que o profesor vaia incorporando.

Con todo, ao longo do curso realizaranse dúas probas (exames), fixadas a tal fin pola xefatura de estudos, que constituirán o 100% da nota final da alumna/o.

De non superaren a proba obxectiva da primeira avaliación, as alumnas/os deberán examinarse de toda a materia na segunda avaliación ou final. A nota final obterase da media das dúas probas obxectivas realizadas durante o cuadrimestre ou, no seu defecto, da nota obtida no exame final.

As probas obxectivas consistirán nunha serie de preguntas a responder polo alumnado. Estas cuestións combinarán exercicios de

resposta verdadeiro/falso, resposta múltiple, comprensión de pequenos textos, gráficos, imaxes, cuestións de desenvolver, definición de conceptos... . Devanditas preguntas poderán variar no que a extensión e puntuación se refire, mais a nota final virá indicada numéricamente, debendo obterse unha nota mínima de **5 sobre 10** para superar a materia de cada proba escrita para poder superar a avaliación.

8. Criterios de cualificación

ACTIVIDADES AVALIADORAS	NÚMERO MÍNIMO POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA DA AVALIACIÓN
1. EXAMES: Abertos ou de redacción Pechados	1	100,00%
2. TRABALLOS (en caso de poñelos: Voluntarios: - Exercicios complementarios para cada tema, colocados polo profesor na aula virtual.		
3. EXPRESIÓN ESCRITA		

Os exames versarán sobre todos os contidos e actividades realizadas no período que se avalíe. **Precisarase un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada proba escrita para poder superar a avaliación.**

En caso de poñer traballos na Aula Virtual, considerarase como actitude positiva a entrega puntual dos traballos voluntarios na

data establecida polo profesorado. A entrega posterior a esta data fixada dos traballos voluntarios non será admitida. A expresión escrita sempre sumará, nunca restará.

9. Procedementos de avaliación

A avaliación do alumnado basearase no seguinte:

- Cada semana, o profesor ou profesora indicará na aula virtual unha orientación do tema a traballar nesa semana. Como o ensino é a distancia, o alumnado poderá distribuír os contidos segundo quixer, mais a tarefa do profesor será ir guiando nunha distribución o máis axeitadamente os contidos e actividades (en caso de colgalas na Aula Virtual) ao longo do curso. En caso de poñer actividades, cada semana o profesor achegará ao alumnado unha serie de actividades voluntarias sobre o tema que están a tratar.
- Ao final de cada cuatrimestre, o/a profesor/a desenvolverá unha proba escrita sobre as unidades didácticas traballadas nese tempo.
- Ao longo de cada cuatrimestre, o/a profesor/a, se é que sube a Aula Virtual exercicios, corraxirá os exercicios voluntarios achegados polo alumnado e remitiralle a través da aula virtual os resultados.

10. Instrumentos de avaliación

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas de cada módulo, o profesor contará:

- O resultado das dúas probas escritas, unha por cada avaliación, que todo o alumnado deberán desenvolver ao longo do

módulo, un por cada cuatrimestre.

- A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc.

Tamén se terá en conta en caso de dúbida na nota final, e no caso de ter postos, os exercicios voluntarios feitos e entregados polas/os alumnas/os nos prazos marcados.

11. Tratamento do fomento da lectura

A singularidade da educación a distancia, co seguimento da materia a través da aula virtual, traballando en grande parte os materiais colgados nela, fan que a lectura sexa básica para unha boa consecución das competencias básicas. A transmisión oral, profesor/a-alumna/o, alumna/o-profesor/a, sempre presente e accesible, está vinculada fundamentalmente á titoría presencial, que se desenvolve unha vez á semana, así como ás horas de atención telefónica. Deste xeito, a lectura é básica, xa que o achegamento á materia faise lendo os materiais colgados na web.

Para todos os temas tratados ao longo do módulo, e posible que se lle achegue ao alumnado lecturas complementarias que o axuden a afondar nos obxectivos e competencias básicas e, se é posible, incentivarase o seu uso a través de traballos complementarios.

12. Tratamento do fomento das TIC

No sistema de ensino da ESA a distancia, o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básicos de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

Aproveitando a grande base que supón a aula virtual coa que conta o centro (<http://www.iessanclemente.net>) traballárase para:

- Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...).
- Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo, a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación, evitando así o exceso de información.

Por outra banda, nas titorías presenciais insistiremos en:

- Utilizar programas de presentacións informáticas (tipo power point), na busca de estimular unha explicación clara e concisa da materia, axudando a desenvolver a capacidade de síntese de todo o alumnado.
- Utilizar a pantalla virtual existente no centro.

13. Plans de traballo para a superación de materias pendentes

13.1. CONTIDOS ESIXIBLES

Todo o alumnado que non acadase os obxectivos mínimos nin adquirise as competencias básicas establecidas para cada módulo do Ámbito Social da Educación Secundaria de adultos, terá unha nova posibilidade de adquirilos.

Entendemos que os contidos esixíbeis para a superación do módulo pendente serán os mesmos indicados no apartado de mínimos esixíbeis para a contribución das materias ao logro das competencias básicas. Neste apartado de mínimos esixíbeis veñen enumerados os contidos mínimos que consideramos que son ineludíbeis para unha comprensión elemental dos temas tratados en cada módulo e que lle van permitir o logro das competencias básicas.

13.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

No ensino a distancia é fundamental a constancia do alumnado, xa que disto depende en boa medida a consecución dos obxectivos previstos neste tipo de educación. O illamento do alumnado fai que, ante as primeiras dificultades, haxa un bo número de matriculados que abandonen ou relaxen as súas actividades. Cómpre, pois, que o profesorado exerza de guía, marque as pautas de estudo e axude nos ritmos ao alumnado.

É importante que os/as estudantes que non desen superado os obxectivos dun módulo non abandonen e se presenten á avaliación extraordinaria que se lles oferta. Para manter ese ritmo de traballo e de estudo, a través da aula virtual, o profesor deseñará un programa de reforzo que permita a recuperación do módulo pendente.

O obxectivo fundamental do programa de reforzo é ir marcando, a ser posible a través dunhas actividades voluntarias, as pautas de traballo que ten que seguir quen queira recuperar algún módulo pendente. As actividades son voluntarias, porque a finalidade non é avaliadora, senón sobre todo servir de guía ao alumnado.

As actividades (se é posible colgalas) consistirán:

1. Exercicios de preguntas tipo exame para insistir nos contidos teóricos fundamentais.
2. Probas prácticas para afondar no dominio dos diferentes procedementos traballados no módulo.

Se non hai actividades colgadas:

- Afondar no repaso do exame correxido que está colgado na Aula Virtual, tratando de facelo varias veces e razoando as respostas.
- Tratar de traballar as ilustracións das unidades, así como os textos, citas, etc que hai nos contidos das unidades.

13.3 ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas do módulo que as/os alumnas/os deben recuperar, o profesorado contará:

1. A avaliación extraordinaria do módulo: Unha proba escrita na que se avaliará sobre os contidos mínimos esixíbeis.
2. En caso de subir o profesor/a exercicios: a realización das actividades voluntarias. Este apartado contará sempre que haxa dúbida na nota.
3. A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc.

14. Metodoloxía didáctica

O ensino a distancia ten unhas características propias que a singularizan dentro do conxunto dos ensinos regrados. Entre unha das estratexias de aprendizaxe que se propoñen atópanse:

1. A retroalimentación como estratexia de avaliación formativa.
2. A metodoloxía da aula virtual (on line) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle a/o estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.
3. O foro como estratexia avaliación sumativa.

A respecto da retroalimentación como estratexia de avaliación formativa considérase como unha comunicación descritiva continua que facilita información ao estudante ou ao grupo sobre como son os seus avances ou progresos ao comezo, durante, e ao final do desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

O foro como ferramenta de avaliación está dirixido á autoavaliación e á coavaliación, xa que permite desenvolver un tema específico, o cal os estudantes irán nutrindo e xerando un debate coas diferentes formulacións e intervencións que realicen. Estes serán moderados polo profesor que conducirá as intervencións cara ao propósito avaliativo, o cal xa foi negociado con anterioridade cos estudantes. Establecendo os criterios de avaliación con claridade e precisión do que se espera lograr.

A aula virtual é un recurso en que mostra a natureza evolutiva do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, brinda a oportunidade para reflexionar sobre o crecemento do estudante. Proporciona evidencia do coñecemento, as habilidades e as disposicións de quen o elabora e reflicte o que se quere aprender e o xa aprendido. É a historia dos procesos de ensino e aprendizaxe de cada estudante. Nel alóxanse todas actividades realizadas polos estudantes e obsérvanse os cambios evolutivos dos procesos.

Estas estratexias brindan autonomía e requiren do desenvolvemento de competencias comunicativas, unha estrutura do proceso avaliativo que se constrúa en base ao diálogo para que se establezan compromisos pedagóxicos que posibiliten o éxito do estudante a distancia. O uso das tecnoloxías permite a interdependencia, a interacción inmediata, mediata, oportuna e pertinente. Requiren de planificación, claridade e precisión. A formulación de criterios e do que se quere avaliar e pretende avaliar en cada unha das actividades.

15. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto

Dado que o presente curso non hai materiais editados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a ESA, o profesorado confeccionará as correspondentes Unidades a partir de libros de texto vixentes a actual lei de educación, e de distintas editoriais, así como de manuais de Historia, Arte, etc, co fin de que facilitarlles o estudo ao alumnado.

Ademais, na medida do posible, proporcionaremos ao alumnado material complementario, a través da aula virtual, coma gráficas, mapas, mapas conceptuais, etc., que faciliten o traballo e a comprensión da materia de cada módulo. Isto complementarase con vídeos, de tempo breve, que faciliten a comprensión da materia vista en cada unha das unidades.

Cómpre destacar especialmente todos os recursos estritamente educativos ou outros relacionados coas materias, que presenta internet. O papel do profesor será animar a indagar e afondar en internet polos diferentes contidos do curso, así como establecer unhas orientacións básicas que axuden ao alumnado a non perderse nesa enorme fonte de información. Insistirase neste eido na busca de que o alumnado se converta no principal protagonista do proceso educativo, desenvolvendo a competencia de aprender a aprender, utilizando distintos recursos e fontes xeográficas, históricas e económicas. É fundamental o traballo individual.

16. Programación de temas transversais

Os temas transversais prográmanse ao longo de todo o currículo da materia, integrados no conxunto dos contidos da materia.

No ámbito da sociedade abordamos de forma transversal os seguintes:

Educación moral e cívica

Educación para a paz

Educación para igualdade de oportunidades entre ambos sexos

Educación ambiental

Educación para a saúde e educación sexual

Educación viaria

Educación para o consumo

Os temas transversais perseguen que a educación integral das persoas teña en conta non só as capacidades cognitivas e intelectuais, senón atender tamén ao desenvolvemento da capacidade afectiva, da relación interpersoal e social. Axudan a desenvolver persoas reflexivas e críticas co entorno social e físico, que coiden de si mesmas, e que sexan quen de implicarse en cambios de actitudes prexudiciais por outras máis respectuosas consigo mesmo, co medio natural e coa sociedade en xeral.

Dentro deste ámbito incidirase especialmente:

- Módulo II: a igualdade de xénero, as consecuencias das desigualdades ao longo da historia, a educación para o coidado do medio, para a paz, a interculturalidade, etc.

Valoraranse as actitudes que se desprenden do desenvolvemento de actividades voluntarias relacionadas con estes aspectos e pautas de comportamento (a través da aula virtual).

17. Medidas de atención á diversidade

A singularidade da educación secundaria de adultos a distancia supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro cuadrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica do

alumnado. Con todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias básicas establecidas para o módulo.

Ademais dos contidos e actividades obrigatorias, ao longo do módulo presentaranse na aula virtual un conxunto de actividades de reforzo e ampliación, que teñen por obxectivo ofrecer os recursos básicos para que todo o alumnado poida acadar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos do módulo.

18. Actividades complementarias e extraescolares

A singularidade da educación a distancia fai que sexa imposible deseñar actividades complementarias e extraescolares para que participe o conxunto do alumnado matriculado nos módulos. Se xa somos conscientes da importancia de superar a aula para o logro das competencias básicas, no ensino a distancia isto é máis que evidente aínda que se aproveiten todas as oportunidades que ofrece unha aula virtual.

O profesorado, cando sexa posible, fará mención a todas as posibilidades artísticas, culturais e científicas que se organicen na nosa comunidade, sendo consciente que a dispersión territorial do alumnado e a multiplicidade de actos fará imposible o coñecemento e a asistencia á maioría deles.

Santiago de Compostela, Setembro 2022

Profesor: Leonel Capote Hernández

PROGRAMACIÓN ESA – ÁMBITO SOCIAL

MÓDULO IV

CURSO 2022-2023

FRANCISCO JAVIER POCH GUTIÉRREZ

ÍNDICE	PÁX
1. Introducción e contextualización.	4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	4
3. Obxectivos.	6
3.1 OBXECTIVOS DO MÓDULO IV	7
4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave.	8
5. Temporalización.	13
6. Criterios de avaliación e cualificación.	14
7. Procedementos de avaliación.	15
8. Instrumentos de avaliación.	15
9. Tratamento do fomento da lectura.	16
10. Tratamento do fomento das TIC.	17

11. Plans de traballo para a superación de materias pendentes.	17
11.1. CONTIDOS ESIXÍBLES	
11.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES	
11.3 ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN	
12. Metodoloxía didáctica	19
13. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto	20
14. Programación de temas transversais	21
15. Medidas de atención á diversidade	22
16. Actividades complementarias e extraescolares	22

1.Introdución e contextualización.

O ensino do ámbito de sociedade na ESA a distancia pretender formar ao alumnado na comprensión e valoración dos aspectos xeográficos e sociais que se producen na sociedade do presente e do pasado, creando unha actitude crítica ante os problemas e desigualdades do mundo actual.

O ensino a distancia ten as súas peculiaridades dentro do conxunto das ensinanzas regradas. A metodoloxía da aula virtual (on line) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.

O proceso de aprendizaxe debe contribuír a formar as/os alumnas/os para que, con liberdade e espírito crítico, saiba actuar na sociedade en que vive. Con todo, ao ser un ensino de adultos, moitos dos valores xa están formados, aínda que sexa preciso traballalos e reforzalos.

Os contidos seleccionados recollen aspectos xeográficos e históricos e teñen por obxectivo fundamental acadar as competencias básicas no eido das Ciencias Sociais, ademais de proporcionarlle ao alumnado a formación necesaria para que aprenda a ser máis respectuoso co medio natural e máis solidario coa sociedade en que vive.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT)
3. Competencia dixital (CD)

4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencia Social e Cívica (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2.1. Comunicación lingüística (CCL). Esta competencia é o obxectivo principal da materia e aparece en todas as unidades.

Na educación a distancia hai unha predominancia da comprensión e expresión escrita e - en menor medida- da comprensión oral en detrimento da expresión oral.

2.2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Estas competencias reflíctense na aprendizaxe dos números cardinales, ordinales e romanos; das operacións matemáticas,...

2.3 Competencia dixital (CD). Con esta competencia o alumnado é capaz de buscar, obter, tratar e comunicar e verificar (con espírito crítico) informacións na rede.

O ensino a distancia lévase a cabo mediante a aula virtual: apuntamentos, referencias a páxinas web, ...

2.4 Aprender a aprender (CAA). O ensino a distancia favorece unha maneira de aprender autónoma. O alumnado ten que organizar o seu traballo, manexar os recursos propostos, ...

2.5 Competencias sociais e cívicas (CSC). Esta competencia intenta comprender a realidade social na que vivimos, afrontar a resolución de conflitos con valores e prácticas democráticas, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable no exercicio dos dereitos e obrigas cívicas.

Desenvolvemos esta competencia mediante o descubrimento das diferentes á propia.

2.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Esta competencia desenvólvese no alumnado partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e atinxe á súa responsabilidade, á creatividade e á autocrítica.

Trátase de recoñecer que ten a capacidade de imaxinar, de desenvolver de avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e **responsabilidade crítica**.

2.7 Conciencia e expresións culturais (CCEC). Esta competencia implica o coñecemento de diferentes manifestacións culturais, unha actitude aberta, respectuosa e crítica fronte á diversidade de expresións culturais.

3. Obxectivos

O ensino do Ámbito Social na ESA ten coma obxectivo desenvolver as seguintes capacidades:

1. **Promover** un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade como Galicia, a un estado histórico como é España e á cultura universal.
2. **Comprender** que o patrimonio cultural, natural, histórico e artístico é diferente ao de outros lugares, participando activamente na súa defensa e conservación.
3. **Aplicar** os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade galega para comprender a súa situación actual.

4. **Identificar** e **valorar** a pluralidade das comunidades sociais ás que pertence, con plena conciencia dos seus deberes e dereitos, e rexeitando discriminacións de todo tipo.
5. **Valorar** a diversidade lingüística e cultural manifestando actitudes de tolerancia.
6. **Identificar** as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e do aproveitamento dos recursos naturais.
7. **Identificar** e **analizar** as relacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos desempeñan nelas.
8. **Resolver** problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos das ciencias sociais.
9. **Obter** e **relacionar** información verbal, estatística e cartográfica a partir de diversas fontes, sobre todo dos medios de comunicación, e tratala e transmitila de forma ordenada e clara.
10. **Recoñecer** as peculiaridades do coñecemento científico sobre o social, valorando o carácter relativo e provisional dos seus resultados ou a aportación persoal do investigador.

3.1 OBXECTIVOS DO MÓDULO IV

A liña de desenvolvemento, neste módulo IV, debe estar relacionada tanto ca Historia como ca iniciación á actividade emprendedora e empresarial.

Polo que respecta a Historia, o seu coñecemento lévanos a descubrir a nosa historia máis recente, e apreciar así as grandes diferenzas con respecto ao mundo dos nosos antepasados. A través do seu legado imos a coñecer a Historia máis cercana a nos e coñecer os grandes cambios habidos na mesma en tan pouco espazo, tanto a nivel económico como social, económico e sobre todo tecnolóxico.

A evolución da sociedade vai parella aos cambios económicos que se suceden e que van a desembocar na actual **“globalización”**

Os ámbitos espaciais están centrados en Europa, Península Ibérica, Galicia , e de maneira máis xeral no resto do mundo.

A través do ensino-aprendizaxe dos conceptos e procedementos deste módulo chégase á comprensión e ao coñecemento das características históricas da etapa máis recente do período da **Historia Contemporánea**. Este feito permítenos ampliar os coñecementos de sucesos históricos acaecidos nese período da Historia.

En canto aos coñecementos da Iniciación á actividade emprendedora e empresarial, o seu estudo permítenos adquirir e/ou ampliar coñecementos sobre os itinerarios a seguir, unha vez rematados os estudos básicos, sobre o mundo empresarial e laboral.

4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución e competencias clave.

ÁMBITO SOCIAL MÓDULO 4					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	Bloque 1. A Historia				

• e • g • h • i	B1.1 A existencia dun mundo bipolar. A Guerra Fría.	B1.1 Analizar as relacións entre o bloque de USA e a URSS para comprender o concepto da “Guerra Fría”.	B1.1.1 Interpreta a evolución dos EEUU e da URSS e os seus aliados a partir de fontes literarias e audiovisuais.	• Diferenza a distinta evolución de EE UU e a URSS durante a guerra fría	• CSC • CAA • CCL
			B1.1.2 Utiliza fontes históricas e historiográficas para comprender e explicar conflitos da época da guerra fría.	• Busca información sobre os conflitos durante a guerra fría	• CSC • CAA
• b • d • g • h • i	B1.2 O proceso de descolonización.	B1.2 Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	B1.2.1 Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	• Explica a importancia da descolonización	• CSC • CCL
			B1.2.2 Distingue contextos diferentes do mesmo proceso. Por exemplo: África subsahariana (anos 50 e 60) e a India.	• Compara a descolonización da India Ca da África subsahariana	• CSC • CAA
	B1.3 A evolución das grandes potencias: URSS e EEUU: sociedade, política, economía e cultura.	B1.3 Contrastar as vantaxes e inconvenientes da evolución económica, política, social e cultural dos grandes bloques políticos do século XX e as consecuencias inmediatas e posteriores.	B1.3.1 Relaciona a organización política coa evolución social, económica e cultural dos dous grandes sistemas socioeconómicos de finais do século XX.	Relaciona a organización política e económica de finais do XX	• CSC • CCL
			B1.3.2 Desenvolve unha actitude crítica ante os diferentes enfoques dun mesmo feito histórico, analizando e contrastando as fontes de información.	• Expón os enfoques dun feito histórico	• CSC • CAA
			B1.3.3 Sopesa as consecuencias positivas e os problemas que xeneran as diferentes posturas para tomar decisións políticas e económicas.	• Describe as consecuencias que ocasionan as decisións políticas e económicas	• CSC • CAA • CCL

• c • d • g • h • i • n	B1.4 A ditadura de Franco e a transición política de España cara a democracia	B1.4.1 Analizar o establecemento da ditadura en España, a súa evolución e consecuencias.	B1.4.1 Coñece o proceso que conduxo da Guerra Civil a Ditadura.	• Cita as causas da Guerra Civil	• CSC • CAA • CCL
		B1.4.2 Coñecer os principios feitos que conduciron ao cambio político e social na España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	B1.4.2 Describe a situación da posguerra durante a ditadura española na relación con outros contextos similares.	• Describe a ditadura franquista	• CSC • CAA
			B1.4.3 Enxucia as consecuencias do réxime ditatorial en España no século XX.	• Expón as consecuencias da ditadura	• CAA • CCL
			B1.4.4 Elabora unha cronoloxía de acontecementos fundamentais da transición española.	• Situa nun eixe cronolóxico os acontecementos máis destacados da ditadura.	• CSC • CCL
			B1.4.5 Valora os acertos do proceso de democratización en España.	• Valora a democracia em España	• CSC • CAA
			B1.4.6 Analiza feitos e acontecementos conflitivos na España democrática.	Cita algún conflito na España democrática	
• e • g • h • i	B1.5 O mundo recente entre os séculos XX e XXI. A globalización. A revolución tecnolóxica. Consecuencias.	B1.5 Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica. Consecuencias.	B1.5.1 Busca na prensa novas sobre algún sector con relacións globalizadas e elabora argumentos a favor e en contra.	• Describe as relacións globalizadas	• CSC • CD • CCL • CAA
• a • d • g • h • j	B1.6 Distintas formas económicas e sociais do capitalismo no mundo	B1.6 Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	B1.6.1 Interpreta o renacemento e declive das nacións no novo mapa político europeo da época.	• Analiza os nacionalismos europeos	• CSC • CAA
			B1.6.2 Comprende os pros e contras do estado de benestar.	• Cita factores favorables e desfavorables do estado do benestar	• CSC

• a • c • d • g • i • j	B1.7 O derrubamento dos rexímenes soviéticos e as súas consecuencias.	B1.7. Coñecer as causas e consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros rexímenes socialistas.	B1.7.2 Analiza os aspectos políticos, económicos e culturais despois dos cambios producidos polo colapso da URSS.	• Analiza a desintegración da URSS	• CSC • CAA • CCL
	B1.8 A constitución da Unión Europea.	B1.8. Describir a evolución da construción da Unión Europea.	B1.8.1 Comprende as causas da constitución da Unión Europea.	• Comprende a aparición da actual U E	• CSC • CCL
			B1.8.2 Discute sobre a situación actual da Unión Europea e o seu futuro.	• Analiza a situación actual da UE	• CAA • CSC • CCL
	Bloque 2. Iniciación á actividade emprendedora e empresarial				
• a • f • i • p	B2.1 Autonomía e autoconecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. B2.2 Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.	B2.1 Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	B2.1.1 Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	Describe a iniciativa emprendedora nas persoas	• CSIEE • CAA
			B2.1.2 Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional da súa contorna, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	Busca información relacionada co traballo a través da informática.	• CD • CAA • CSIEE
• a • e • f • i • p	B2.3 Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.	B2.2 Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	B2.2.1 Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	Deseña un proxecto para o autoemprego	• CAA • CSIEE
			B2.2.2 Desenvolve habilidades sociais e actúa de acordo con actitudes e valores democráticos.	Desenvolve habilidades sociais e valores democráticos nun proxecto	
			B2.2.3 Fórmase para mellorar o seu benestar individual e contribuír á cohesión social.	Expón as razóns para contribuír á	

				cohesión social	
• a • c • i • p	B2.4 Dereito do traballo. B2.5 Dereitos e deberes derivados da relación laboral. B2.6 Contrato de traballo e negociación colectiva. B2.7 Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego. B2.8 Protección do/da traballador/a e beneficios sociais. B2.9 Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.	B2.3 Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	B2.3.1 Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	Cita algunhas das normas en relación co funcionamento do traballo	• CSC • CSIEE
			B2.3.2 Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	• Distingue os dereitos e as obrigas derivadas das relacións laborais	• CSC • CSIEE • CMCCT
			B2.3.3 Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	• Describe as bases da Seguridade Social	• CCL • CSC • CSIEE
			B2.3.4 Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	• Expón as situacións de risco laboral máis habituais así como os métodos de prevención dos mesmos.	• CSIEE • CAA • CMCCT

5. Temporalización

MÓDULO II

Como a ESA é cuadrimestral e está distribuído en dúas avaliacións, a distribución é a seguinte:

Módulo IV	
1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 13: A Guerra Fría e o proceso de descolonización. Evolución das grandes potencias. A Ditadura de Franco e a Transición. 1.A Guerra Fría e o proceso de descolonización - O proceso de descolonización - Concepto e causas da Guerra Fría 2.A evolución das grandes potencias - A evolución da democracia americana 3.A Ditadura de Franco - O réxime político. Trazos máis característicos do réxime - España durante o franquismo - As relacións internacionais - Evolución económica e social - A oposición política e sindical 4.A Transición política de España cara á democracia 5.Glosario UNIDADE 14: O mundo actual. A globalización. A Unión Europea. 1.A globalización. Cambios económicos e sociais no século XXI. - A economía mundial: a globalización 2.A constitución da Unión Europea - Antecedentes do proxecto: anos 40 e 50 - Desenvolvemento da Unión Europea (desde 1960 ata o século XXI) - Crise política e económica da Unión Europea (desde o século XXI) - As institucións da Unión Europea 3.A arte - A arte nos séculos XX e XXI 4.Glosario

2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 15: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial. 1.O espírito emprendedor. Autonomía e autocoñecemento - A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade 2.Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. 3.Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Itinerario formativo - Ciclos formativos - Carreiras profesionais - A procura de emprego - O autoemprego - A toma de decisións sobre o itinerario persoal 4. Glosario UNIDADE 16: Mercado de traballo. Relación laboral. Dereitos e deberes. 1.Dereito do traballo. 2.O mercado do traballo. Funcionamento O traballo - O salario - O contrato de traballo - Suspensión do contrato de traballo - Negociación colectiva - Os conflitos de intereses 3.O desemprego 4.A Seguridade Social 5.Protección do traballador e beneficios sociais Protección do traballador - Beneficios sociais – 6.Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. Riscos laborais - Prevención de riscos laborais - Planificación da protección na empresa 7.Glosario
---------------	--

6. Criterios de avaliación e cualificación

ACTIVIDADES AVALIADORAS	NÚMERO MÍNIMO POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA DA AVALIACIÓN
1. EXAMES: Abertos ou de redacción Pechados	1	100,00%

Ao longo do curso realizaranse dúas probas (exames), fixadas a tal fin pola xefatura de estudos, que constituirán o 100% da nota final da alumna/o.

De non superaren a proba obxectiva da primeira avaliación, as alumnas/os terán a oportunidade de examinarse de toda a materia na segunda avaliación ou final. A cualificación final obterase da media das dúas probas obxectivas realizadas durante o cuadrimestre, sempre que a nota da 1ª avaliación sexa 4 ou superior a 4. No seu defecto a cualificación corresponderá á nota obtida no exame final. Para aprobar nas

convocatorias ordinaria ou extraordinaria a media debe ser 5 ou superior.

7. Procedementos de avaliación

Ao ser un ensino a distancia, boa parte do protagonismo do proceso de ensino-aprendizaxe recaerá no propio alumnado. É moi importante que o alumnado estea en contacto co profesor nas horas de Titoría Multimedia ou que, cando menos, acceda dunha forma periódica á Aula Virtual para consultar toda a información que o profesor vaia incorporando.

A avaliación do alumnado basearase no seguinte:

- Cada semana, o profesor ou profesora indicará na aula virtual unha orientación do tema a traballar nesa semana. Como o ensino é a distancia, o alumnado poderá distribuír os contidos segundo quixer, mais a tarefa do profesor será ir guiando nunha distribución o máis axeitadamente os contidos e actividades ao longo do curso. Cada quincena o profesor achegará ao alumnado unha serie de actividades voluntarias sobre o tema que están a tratar.
- Ao final de cada cuatrimestre, e na avaliación parcial, o/a profesor/a desenvolverá unha proba escrita sobre as unidades didácticas traballadas nese tempo.
- Ao longo de cada cuatrimestre, o/a profesor/a corraxirá os exercicios voluntarios achegados polo alumnado e remitiralle a través da aula virtual os resultados.

8. Instrumentos de avaliación

Os exames versarán sobre todos os contidos e actividades realizadas no período que se avalíe. As probas obxectivas consistirán nunha serie de preguntas a responder polo alumnado. Estas cuestións poderán combinar exercicios de resposta verdadeiro/falso, resposta múltiple, comprensión de pequenos textos, gráficos, imaxes, cuestións de desenvolver, definición de conceptos... . As

devanditas preguntas poderán variar no que a extensión e puntuación se refire, mais a nota final virá indicada numericamente, debendo obterse unha nota mínima de **5 sobre 10** para poder superar a avaliación.

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas de cada módulo, o profesor contará o resultado das dúas probas escritas, unha por cada avaliación, que todo o alumnado deberá desenvolver ao longo do módulo, un por cada cuatrimestre.

9. Tratamento do fomento da lectura

A singularidade da educación a distancia, co seguimento da materia a través da aula virtual, traballando en grande parte os materiais colgados nela, fan que a lectura sexa básica para unha boa consecución das competencias básicas. A transmisión oral, profesor/a-alumna/o, alumna/o-profesor/a, sempre presente e accesible, está vinculada fundamentalmente á titoría presencial, que se desenvolve unha vez á semana, así como ás horas de atención telefónica. Deste xeito, a lectura é básica, xa que o achegamento á materia faise lendo os materiais colgados na web.

Para todos os temas tratados ao longo do módulo, e posible que se lle achegue ao alumnado lecturas complementarias que o axuden a afondar nos obxectivos e competencias básicas e, se é posible, incentivarase o seu uso a través de traballos complementarios.

10. Tratamento do fomento das TIC

No sistema de ensino da ESA a distancia, o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básicos de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

Aproveitando a grande base que supón a aula virtual coa que conta o centro (<http://www.iessanclemente.net>) traballarase para:

- Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...).
- Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación. Evitando o exceso de información.

Por outra banda, nas titorías presenciais insistiremos en:

- Utilizar programas de presentacións informáticas (tipo powerpoint), na busca de estimular unha explicación clara e concisa da materia, axudando a desenvolver a capacidade de síntese de todo o alumnado.
- Utilizar a pantalla virtual existente no centro.

11. Plans de traballo para a superación de materias pendentes

11.1. CONTIDOS ESIXÍBLES

Todo o alumnado que non acadase os obxectivos mínimos nin adquirise as competencias básicas establecidas para cada módulo do Ámbito Social da Educación Secundaria de adultos, terá unha nova oportunidade de adquirilos.

Entendemos que os contidos esixibles para a superación do módulo pendente serán os mesmos indicados no apartado de

mínimos esixibles para a contribución das materias ao logro das competencias básicas. Neste apartado de mínimos esixibles veñen enumerados os contidos mínimos que consideramos que son ineludíbeis para unha comprensión elemental das unidades tratadas en cada módulo e que lle van permitir o logro das competencias básicas.

11.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

No ensino a distancia é fundamental a constancia da/o alumna/o, xa que disto depende en boa medida a consecución dos obxectivos previstos neste tipo de educación. O illamento do alumnado fai que, ante as primeiras dificultades, haxa un bo número de matriculados que abandonen ou relaxen as súas actividades. Cómpre, pois, que o/a profesor/a exerza de guía, marque as pautas de estudo e axude nos ritmos ao alumnado.

É importante que as/os estudantes que non desan superado os obxectivos dun módulo non abandonen e se presenten á avaliación extraordinaria que se lles oferta. Para manter ese ritmo de traballo e de estudo, a través da aula virtual, o/a profesor/a deseñará, se se dá o caso, un programa de reforzo que permita a recuperación do módulo pendente.

O obxectivo fundamental do programa de reforzo é ir marcando, a través dunhas actividades voluntarias, as pautas de traballo que ten que seguir quen queira recuperar algún módulo pendente. As actividades son voluntarias, porque a finalidade non é avaliadora, senón sobre todo servir de guía ao alumnado.

As actividades (se é posible colgalas) consistirán:

1. Exercicios para insistir nos contidos teóricos fundamentais.
2. Probas prácticas para afondar no dominio dos diferentes procedementos traballados no módulo.

11.3 ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas do módulo que as/os alumnas/os deben

recuperar, o/a profesor/a contará:

1. A avaliación extraordinaria do módulo.
2. En caso de subir o/a profesor/a exercicios: a realización das actividades voluntarias.
3. A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc.

12. Metodoloxía didáctica

O ensino a distancia ten unhas características propias que a singularizan dentro do conxunto dos ensinos regrados. Entre unha das estratexias de aprendizaxe que se propoñen atópanse:

1. A retroalimentación como estratexia de avaliación formativa.
2. A metodoloxía da aula virtual (on line) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.
3. O foro como estratexia avaliación sumativa.

A respecto da retroalimentación como estratexia de avaliación formativa considérase como unha comunicación descritiva continua que facilita información ao estudante ou ao grupo sobre como son os seus avances ou progresos ao comezo e durante e ao final do desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

O foro como ferramenta de avaliación está dirixido á autoavaliación e á coavaliación, xa que permite desenvolver un tema específico, o cal os estudantes irán nutrindo e xerando un debate coas diferentes formulacións e intervencións que realicen. Estes serán moderados polo profesor/a que conducirá as intervencións cara ao propósito avaliativo, o cal xa foi negociado con anterioridade cos estudantes. Establecendo os criterios de avaliación con claridade e precisión do que se espera lograr.

A aula virtual é un recurso en que mostra a natureza evolutiva do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, brinda a

oportunidade para reflexionar sobre o crecemento do estudante. Proporciona evidencia do coñecemento, as habilidades e as disposicións de quen o elabora e reflicte o que se quere aprender e o xa aprendido. É a historia dos procesos de ensino e aprendizaxe de cada estudante. Nel alóxanse todas actividades realizadas polos/as estudantes e obsérvanse os cambios evolutivos dos procesos.

Estas estratexias brindan autonomía e requiren do desenvolvemento de competencias comunicativas, unha estrutura do proceso avaliativo que se constrúa en base ao diálogo para que se establezan compromisos pedagóxicos que posibiliten o éxito do estudante a distancia. O uso das tecnoloxías permite a interdependencia, a interacción inmediata, mediata, oportuna e pertinente. Requiren de planificación, claridade e precisión. A formulación de criterios e do que se quere avaliar e pretende avaliar en cada unha das actividades.

13. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto

Usaremos as Unidades Didácticas editadas pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a ESA.

Ademais, na medida do posible, proporcionaremos ao alumnado material complementario, a través da aula virtual, coma gráficas, mapas, mapas conceptuais, etc., que faciliten o traballo e a comprensión da materia de cada módulo. Isto complementarase con vídeos, de tempo breve, que faciliten a comprensión da materia vista en cada unha das unidades.

Cómpre destacar especialmente todos os recursos estritamente educativos ou outros relacionados coas materias, que presenta internet. O papel do/a profesor/a será animar a indagar e afondar en internet polos diferentes contidos do curso, así como establecer unhas orientacións básicas que axuden ao alumnado a non perderse nesa enorme fonte de información. Insistirase neste eido na busca de que o alumnado se converta no principal protagonista do proceso educativo, desenvolvendo a competencia de aprender a aprender, utilizando distintos recursos e fontes xeográficas, históricas e económicas. É fundamental o traballo individual.

14. Programación de temas transversais

Os temas transversais prográmanse ao longo de todo o currículo da materia, integrados no conxunto dos contidos da materia.

No ámbito da sociedade abordamos de forma transversal os seguintes:

Educación moral e cívica

Educación para a paz

Educación para igualdade de oportunidades entre ambos sexos

Educación ambiental

Educación para a saúde e educación sexual

Educación viaria

Educación para o consumo

Os temas transversais perseguen que a educación integral das persoas teña en conta non só as capacidades cognitivas e intelectuais, senón atender tamén ao desenvolvemento da capacidade afectiva, da relación interpersoal e social. Axudan a desenvolver persoas reflexivas e críticas co entorno social e físico, que coiden de si mesmas e que sexan quen de implicarse en cambios de actitudes prexudiciais por outras máis respectuosas consigo mesmo, co medio natural e coa sociedade en xeral.

Dentro deste ámbito incidirase especialmente:

- Módulo II: a igualdade de xénero, as consecuencias das desigualdades ao longo da historia, a educación para o coidado do medio, para a paz , a interculturalidade, etc.

Valoraranse as actitudes que se desprenden do desenvolvemento de actividades voluntarias relacionadas con estes aspectos e pautas de comportamento (a través da aula virtual).

15. Medidas de atención á diversidade

A singularidade da educación secundaria de adultos a distancia supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro cuadrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica das alumnas/os. Con todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias básicas establecidas para o módulo.

Ademais dos contidos e actividades obrigatorias, ao longo do módulo presentaranse na aula virtual un conxunto de actividades de reforzo e ampliación , que teñen por obxectivo ofrecer os recursos básicos para que todas/os alumnas/os poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos do módulo.

16. Actividades complementarias e extraescolares

A singularidade da educación a distancia fai que sexa imposible deseñar actividades complementarias e extraescolares para que participe o conxunto do alumnado matriculado nos módulos. Se xa somos conscientes da importancia de superar a aula para o logro das competencias básicas, no ensino a distancia isto é máis que evidente aínda que se aproveiten todas as oportunidades que ofrece unha aula virtual.

Porén, intentaremos movernos de xeito virtual por espazos diversos e percorrерemos do mesmo xeito lugares, exposicións, edificios e obras de todo tipo que concorran nos diversos obxectos de estudo que imos a coñecer.

Santiago de Compostela, setembro de 2022

Fdo: Francisco Javier Poch Gutiérrez